

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, establécese a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e intégrase nela a Consellería de Traballo e Benestar.

No Decreto 83/2009, do 21 de abril, fíxase a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e na Consellería de Traballo e Benestar un dos órganos superiores é a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Na Orde do 4 de maio de 2009 sobre adscrición dos órganos suprimidos e atribución de competencias nos órganos superiores da Consellería de Traballo e Benestar, establécese que as estruturas e funcións correspondentes á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade manteranse, mentres non se estableza a nova estrutura de consellería, na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Polo que lle corresponde á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a xestión e coordinación das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e especificamente o apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento e participación da xuventude na vida social.

A Consellería de Traballo e Benestar entende que, para acadar os obxectivos de participación efectiva da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual, facilitándolle a súa integración social e laboral e o acceso por parte dela a unha información axeitada ás súas demandas informativas en igualdade de oportunidades en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, é fundamental promover o feito asociativo xuvenil así como as actuacións e canles dirixidas a consolidar e garantir o acceso a unha información ampla, obxectiva e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso da mocidade na utilización das novas tecnoloxías, prestándolles apoio ás accións que neste sentido emprendan os concellos dentro da súa competencia e ámbito territorial, como entes próximos ao cidadán e coñecedores das necesidades e da problemática xuvenil propia de cada un deles.

Entre as tarefas propias da competencia dos concellos referidas a este sector da poboación, a Consellería de Traballo e Benestar considera, polo tanto, de máximo interese colaborar na promoción das actuacións dirixidas a garantir o acceso a unha información orientada á xuventude e ás súas necesidades de actividades formativas e educativas no ámbito do tempo libre e na potenciación do asocia-

cionismo xuvenil e utilización por parte da xuventude das novas tecnoloxías, actuacións que necesariamente deben de influír no desenvolvemento comunitario e na súa formación integral.

Esta convocatoria axústase ao disposto no capítulo II do título preliminar da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa de desenvolvemento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexe a concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais de Galicia, para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías e proceder á súa convocatoria.

Artigo 2º.-*Destinatarios.*

1. Poderán solicitar estas axudas os concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da comunidade autónoma validamente constituídas.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade para estes efectos e acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as axudas que regula esta orde. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello ou entidade local dos sinalados no punto 1 poderá:

a) Presentar solicitude de subvención se o fixo unha entidade local en que estean integrados ou da cal dependan.

b) Figurar en máis dunha solicitude colectiva das que sinala o punto 2.

c) Figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual.

4. O incumprimento destas normas dará lugar á inadmisión de todas as solicitudes individuais de subvencións inscritas pola entidade de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

Artigo 3º.-*Finalidade da subvención.*

1. Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil integrados na Rede Galega de Información Xuvenil.

2. Fomentar as actividades formativas e educativas no ámbito do ocio e tempo libre, o asociacionismo

xuvenil e a utilización das novas tecnoloxías por parte da xuventude.

Artigo 4º.-*Período subvencionable e contía das axudas.*

1. O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2009.

2. A contía máxima que se concederá será de 7.500 euros. Quedando por conta da entidade local a diferenza de financiamento necesario para a total execución do programa subvencionado.

3. As entidades locais deberán participar no financiamento cun mínimo do 25% do orzamento total.

Artigo 5º.-*Conceptos subvencionables e requisitos para a concesión.*

1. Serán obxecto de axuda:

a) Os custos derivados do normal funcionamento dun Servizo de Información Xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.

b) As actividades formativas e educativas, as actividades relacionadas coa creación xuvenil, os programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre, os programas que fomenten a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías e, en xeral, todas aquelas actividades relacionadas co fomento da participación e o asociacionismo xuvenil.

2. Non son subvencionables os gastos contemplados no artigo 29.7º da Lei de subvencións de Galicia e ademais:

a) A adquisición de bens mobles ou inmobles.

b) A merca de instrumentos musicais, uniformes, traxes, etc.

c) O custo dos grupos de música e baile para festas.

d) Os actos que teñan lugar fóra de Galicia.

e) Os actos dun día de duración.

3. Serán requisitos para a concesión:

a) Ter xustificadas as axudas concedidas no exercicio anterior.

b) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

c) Que as mancomunidades ou agrupacións de concellos estean constituídas antes da presentación da solicitude.

Artigo 6º.-*Orzamento.*

As subvencións que se vai conceder nesta convocatoria pola Consellería de Traballo e Benestar, financiaranse con cargo á partida orzamentaria 05.42.313A.460.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, sendo o crédito destinado ás subvencións de 1.200.000 euros.

Artigo 7º.-*Compatibilidade con outras subvencións.*

1. A obtención desta subvención é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo

tipo de organismos públicos ou privados, sempre que a suma delas en ningún caso supere o importe do programa.

2. A obtención doutras axudas para o programa subvencionado, deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado tan pronto se coñezan.

Artigo 8º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. Os concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán petición, por medio de instancia dirixida ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, e poderán presentar esta na Oficina de Rexistro Único e Información, nos rexistros dos departamentos territoriais de Traballo e Benestar ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. A solicitude poderá formalizala:

a) O alcalde-presidente ou persoa en quen delegue.

b) O presidente da mancomunidad ou persoa en quen delegue.

c) O representante que se estableza no acordo de cooperación, para os supostos previstos no artigo 2º.2 desta orde, soamente un deles en representación dos demais, logo de delegación de cada un dos concellos.

4. En calquera dos casos, o solicitante deberá ser autorizado e designado polo Pleno, Comisión de Goberno da entidade peticionaria ou decreto da Alcaldía.

5. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da presente convocatoria.

Artigo 9º.-*Documentación.*

1. Os concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos deberán enviar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación da intervención sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado para facer fronte ao financiamento que debe asumir o concello, mancomunidad ou agrupación.

b) Memoria explicativa do proxecto para o que se solicita subvención.

c) Orzamento estimado do proxecto e o custo do mantemento do servizo de información xuvenil, se é o caso. Para facer o pagamento será obrigatorio xustificar a totalidade do proxecto presentado, con independencia da contía concedida.

d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para o mesmo

proxecto, perante as distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

e) Para os municipios que se acollan á fórmula de solicitude regulada no artigo 2º.2 desta orde, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos secretarios, dos acordos do Pleno ou Comisión de Goberno en que delegan a petición da subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

2. A memoria describirá individualmente as actividades que se van realizar, cos obxectivos perseguidos, recursos humanos, lugar e datas de realización, técnicas, estratexias ou dinámicas que se utilizarán na súa execución.

3. Calquera cambio que se produza nos datos contidos na documentación que se xunte á solicitude, ou nesta, seralle comunicado á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que poderá recadar do solicitante, en todo caso, cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente.

4. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado comprobará que as solicitudes e a documentación reúnen os requisitos exixidos e procederá, en caso contrario, a requirir ao solicitante para que, no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución, que será ditada nos termos do artigo 42.

Artigo 10º.-*Publicidade.*

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias co importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

2. De acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a entidade beneficiaria autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, os datos relevantes referidos á axuda recibida.

3. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na solicitude de axuda, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión do procedemento. Non obstante, os/as interesados/as poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo escrito á Dirección

Xeral de Xuventude e Voluntariado ou a través do correo electrónico: lopd. xuventude@xunta.es

4. As entidades locais beneficiarias deberán dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

Artigo 11º.-*Criterios de avaliación.*

1. A concesión da subvención realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos seguintes criterios:

a) Terá carácter prioritario o bo resultado e a incidencia positiva que se desprenda do informe técnico realizado polos servizos provinciais de Xuventude ás oficinas municipais de Información Xuvenil, ata 40 puntos.

b) Características das actividades previstas no proxecto, ata 25 puntos, tendo en conta o carácter innovador, a aplicabilidade e congruencia coa zona de influencia, a súa viabilidade e o compoñente formativo fronte ao lúdico.

c) Número de beneficiarios potenciais e proxección social das actividades programadas, ata 15 puntos.

d) Pertenza a zonas do medio rural, ata 15 puntos.

e) O emprego da lingua galega na realización de actividades para as que se solicita a axuda, ata 5 puntos.

2. A presentación da solicitude por unha mancomunidade ou agrupación de concellos terá 20 puntos máis por cada un dos concellos que a integre.

3. O crédito distribuirase entre aquelas solicitudes que teñan unha puntuación igual ou maior que 40 puntos. A distribución efectuarase directamente proporcional á puntuación obtida. No caso de mancomunidades ou agrupacións de concellos, e unicamente para a obtención deste mínimo de 40 puntos, non se terán en conta os 20 puntos obtidos a maiores por cada un dos concellos que as integren.

Artigo 12º.-*Instrución e resolución.*

1. O órgano instructor do procedemento será a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. As axudas serán adxudicadas polo director xeral de Xuventude e Voluntariado, por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, no prazo máximo de catro meses, desde a publicación desta orde por proposta dunha comisión avaliadora integrada por:

2.1. Presidenta: a subdirectora xeral de Programas.

2.2. Vogais:

2.2.1. O subdirector xeral de Centros e Servizos á Xuventude.

2.2.2. A xefa de servizo de Programas.

2.2.3. A xefa de servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

2.3. Secretario/a: un/nha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que avaliar as solicitudes algún dos compoñentes non puidesen asistir, será substituído pola persoa que para o efecto nomee o director xeral de Xuventude e Voluntariado.

4. No prazo máximo de quince días, desde a proposta de resolución, o director xeral de Xuventude e Voluntariado por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, ditará resolución motivada, que lles será comunicada aos interesados. Transcorrido o prazo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

5. Unha vez notificada a resolución, os adxudicatarios terán un prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Non obstante, e de conformidade co disposto no artigo 44 da referida lei, poderase requirir previamente ao órgano que ditou o acto no prazo de dous meses contados desde a notificación da resolución. O requirimento entenderase rexeitado se dentro do mes seguinte á súa recepción non fose contestado.

Artigo 14º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Unha vez notificada a resolución da concesión de subvención e realizada a actividade, remitirase á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a súa xustificación, cunha data límite do 20 de outubro de 2009 inclusive. Para a xustificación achegarase:

a) Certificación da intervención do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Lémbrese a obriga de xustificar a totalidade do programa subvencionado.

b) Certificado da secretaría da realización do programa obxecto de subvención.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. O pagamento da subvención realizarase nun único pagamento, despois de recibida e comprobada a xustificación presentada.

3. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade

Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma, correspondéndolle, en todo caso, a carga da proba á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 15º.-*Modificación da subvención.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

Artigo 16º.-*Obrigas.*

1. As entidades locais beneficiarias de subvencións están obrigadas a:

a) Xustificar na súa totalidade o proxecto presentado.

b) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

c) Xustificar ante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e ou sexa control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo seguinte.

2. Segundo o artigo 48 da Lei 16/2008, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009, as corporacións locais e os seus organismos autónomos quedan exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de paga-

mento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ser debedores por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 17º.-*Control e reintegro da subvención.*

1. A competencia para exercer o control de subvencións correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das funcións que ten o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do proxecto que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e se é o caso, no establecido nesta orde.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 8º desta orde.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 8º desta orde, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades locais, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades locais, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

3. Igualmente, no suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

4. Con independencia das causas de reintegro enumeradas neste artigo, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as cantidades percibidas.

5. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando concorra algunha das causas de reintegro previstas neste artigo.

6. As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Traballo e Benestar no director xeral de Xuventude e Voluntariado, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Segunda.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Cando se trate de agrupacións non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO

BENESTAR

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS305E	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

CORPORACIÓN LOCAL		CIF / NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/DA REPRESENTANTE

APELIDOS	NOME	DNI	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS	TELÉFONO	FAX	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CARGO	PROVINCIA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS XERAIS

NO CASO DE MANCOMUNIDADE OU AGRUPACIÓN (ARTIGO 2.2) COMPOSTA POLOS CONCELLOS DE: <input type="text"/>		
NÚMERO DE HABITANTES (NO CASO DE MANCOMUNIDADE OU AGRUPACIÓN, O SEU TOTAL): <input type="text"/>		
NÚMERO DE MOZOS/AS ENTRE 12 E 30 ANOS <input type="text"/>		
NO CASO DE MANCOMUNIDADE OU AGRUPACIÓN ESPECIFICAR CONCELLO E NÚMERO POR CADA UN DELES: <input type="text"/>		
NÚMERO DE CONTA BANCO OU CAIXA (20 DÍXITOS):	ORZAMENTO DO PROXECTO PRESENTADO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 4.3)

- CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO/A DO ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN E REPRESENTANTE.
- CERTIFICACIÓN DE INTERVENCIÓN SOBRE A EXISTENCIA DE CRÉDITO SUFICIENTE.
- PROXECTOS PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN E ORZAMENTO ESTIMADO DESTES.
- BREVE MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR.
- PARA OS CONCELLOS AGRUPADOS (ARTIGO 2.2) CERTIFICACIÓN DOS SECRETARIOS DOS ACORDOS QUE DELEGA A PETICIÓN DE SUBVENCIÓN.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU RECIBIDAS PARA AS MESMAS.

O/A que abaixo asina DECLARA QUE: lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a cantidade e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude), ou a través do correo electrónico: lopdxuventude@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria.</i>	(A cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/DA REPRESENTANTE <i>Lugar e data</i>		DATA DE ENTRADA <input type="text"/>
_____ de 200		DATA DE EFECTOS <input type="text"/>
		DATA DE SAÍDA <input type="text"/>